

LAMELA

No camiño de peregrinación
a Compostela



CASA DE CACHEIRO. TURISMO RURAL (RODRIGO VIDAL CACHEIRO E MARÍA DO CARME LÓPEZ)

Unha mención especial merece a Casa de Cacheiro, en Santa Cristina, dedicada ao turismo rural desde os principios da década dos noventa do pasado século. O matrimonio formado por Rodrigo Vidal Cacheiro —de cuxo apellido tomou o nome— e María del Carmen López decidiron aproveitar para este fin unha vella casa e as súas dependencias, convenientemente restaurada e ampliada, contando co apoio e ánimo do entón alcalde de Silleda, o finado Juan Salgueiro.

Lamela, no camiño de peregrinación a Compostela



Casa de Cacheiro

O complexo turístico sería inaugurado en maio do 1995 polo entón presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne. Este establecemento hostaleiro ten acadado numerosos distintivos e premios como o de "Pousada de Ouro" (2002) logo dunha selección de casas rurais e hoteis de toda a xeografía española e o posterior "Vips Radio Turismo" (2003), así como o "SICTED" (Sistema Integral de Calidade Turística Española en Destinos) no ano 2006 e, logo dunha exhaustiva auditoría, a "Q" do Instituto para a Calidade Turística Española (2006), a máxima certificación que se concede no sector. Tamén está en posesión do certificado "Galicia Calidade" (2007) e o "Top Hotel. Primeiro premio Trivago" (2012). Pola valoración dos seus usuarios mereceu tamén os premios: "TOP 1, á mellor casa rural da provincia de Pontevedra" e "TOP 3, á mellor casa rural en Galicia", sendo uns dos 10 establecementos da provincia de Pontevedra elixidos na web especializada "EscapadaRural.com" (2013).

O establecemento tamén figura no programa "Ecosocio TripAdvisor® Green Leaders" que axuda a viaxeiros de todo o mundo a planificar viasxas más ecolóxicas, poñendo de realce aqueles aloxamentos, hoteis e albergues comprometidos con prácticas respectuosas co medio ambiente, en colaboración co "Programa das Nacións Unidas para

o Medio Ambiente", o "Consello de Construción Verde" dos Estados Unidos, o programa "Energy Star®" e o "Centro Internacional de Turismo Responsable" de Canadá, entre outras organizacións ecoloxistas de primeira orde. Recentemente, despois de pasar unha auditoría, o establecemento que na actualidade rexen Mabel e Ana Vidal, fillas dos fundadores, foi ratificado coa "Q Sostenible" (2020), sendo o primeiro aloxamento rural de España en acadar esta certificación.



— 1 —

